

ACTA da XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN

DATOS DA PERSOA CONVOCANTE

Nome: SONIA	1.º apelido: GÓMEZ	2.º apelido: NAYA	NIF: 34898059K
Federación: F. GALEGA DE ORIENTACIÓN (FEGADO)	Cargo: PRESIDENTA		

LUGAR, DATA E HORA DA CONVOCATORIA:

Lugar:	https://teams.microsoft.com		
Data:	11/03/2024	Hora:	21:30 h

PERSOAS ASISTENTES

Nome e apelidos	Cargo	Club	Asiste	Non asiste
Sonia Gómez Naya	Presidenta	Compás	X	
Claudia Oreiro Chapela	Vicepresidenta	Gallaecia	X	
Roberto Amarelle Garabán	Secretario	Compás	X	
Javier Antoñón Clemente	Tesoureiro	Arnela	X	
Teresa Bellón Santos	Responsable O-pé	Aromon	X (22.00 H)	
Alicia Pérez Alonso	Responsable MTBO	Raza Palleira	X	
Adrián Pérez Alonso	Responsable Raids	Raza Palleira	X	
	Responsable Trail-O			
Jorge Piñeiro Portela	Responsable Direc. Técnica	Ártabros	X	
María Piñeiro Varela	Responsable de Comunic.	Ártabros	X	
Candela Puime López	Responsable Deporte Escol.	VigOrienta		X

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior (19-02-2024)

Apróbase por unanimidade a acta da xunta directiva anterior celebrada o día 19/02/2024 (8 votos a favor). A continuación e antes de pasar ao seguinte punto da orde do día a Presidenta da Fegado indica que José A. Ricoy Bugarín, ata este momento responsable de Trail-O lle comunicou que por motivos persoais non pode seguir representando esta vogalía polo que deixará de formar parte da Xunta directiva da Fegado. Dita circunstancia será remitida á Secretaría Xeral para o Deporte.

2. Mundo FEDO

Intervén Jorge Piñeiro Portela, como director técnico para facer un resumo de como se están a organizar as tecnificacións das diferentes modalidades e grupos.

3. Alto rendemento

Continúa Jorge Piñeiro para explicar cales serán os criterios de selección, concentración e competición. Indica que se está a elaborar un documento con ditos criterios que se fará público próximamente.

4. Santiso

Intervén a vicepresidenta, Claudia Oreiro Chapela, para detallar diferentes aspectos relacionados coas probas nacionais MTBO que se disputarán en Santiso o sábado e domingo 23 e 24 de marzo de 2024. Detalla aspectos relacionados cos permisos, aparcamentos, loxística, etc.

Engade que será necesario que todos os clubs de orientación da Fegado traían as súas bandeirolas para poñer na saída e meta.

Intervén a presidenta para indicar que vai crear un grupo de WhatsApp para organizar aos diferentes voluntarios/as.

5. CEO: selección e bus

A presidenta explica que o autobús contratado para desprazar aos corredores/as ao CEO sae de Betanzos, pasará por Santiago e dende aí dirixirase a Lugo ou a Ourense en función do número de persoas inscritas. Continúa engadindo que este ano como a Fegado pon a disposición dos seleccionados un autobús para dirixirse ao lugar da proba, a súa dieta de desprazamento de 20 euros destinarase íntegramente ao pago dese autobús independentemente de que o corredor ou corredora seleccionado/a viaxe ou non no autobús. Si se pagará a inscrición como sempre, pero primeiro o club abonará ao club organizador as taxas e Fegado devolverá as taxas ao club do corredor/a da selección unha vez realizado o Campionato de España.

6. Equipacións

Intervén Alicia Pérez Alonso, como vogal de MTBO que a roupa da selección de MTBO estará disponible o día 16 de abril e o resto da uniformidade das diferentes modalidades o día 22 de abril. Engade que será ela mesma a que vaia recoller as equipacións, aforrando deste xeito os portes á Federación.

7. Tecnificacións

Toma a palabra Jorge Piñeiro, como director técnico da FEGADO, para explicar as diferentes actividades que se realizaron nas tecnificacións das probas de O Bolo (24-02-2024) e no Campionato Universitario autonómico de A Coruña (09-03-2024).

8. Diplomas

Por unanimidade dos presentes decídese que a partir de agora a Fegado en campionatos galegos tan só se entregará diplomas para os equipos elite e sub20, redactados en lingua galega.

9. Escolar

Toma a palabra a presidenta para explicar que este ano non se celebrará campionato autonómico escolar xa que este ser tería que celebrar antes que os provinciais o que carece de sentido. Propón que unha das probas da liga de O-pé sexa considerada autonómica. Proponse que sexa a proba organizada polo club Arnela que se celebrará en Ribeira. A presidenta indica que falará co club organizador para comentarllo.

10. Libro CPO

Toma a palabra a presidenta para indicar que xa saíu publicado o libro de Circuitos Permanentes de Orientación de Xan Mariano Trigo Recarey, agradecéndolle ao autor o feito de que fixese chegar unhas copias a Fegado.

11. Rogos e preguntas

Non se propoñen rogos e preguntas.

Se sen máis asuntos que tratar, a presidenta da FEGADO dá por finalizada esta Xunta Directiva sendo as 23:25 h do día antes indicado.

SINATURAS

Roberto Amarelle Garabán
Secretario da FEGADO



Vº Bº Sonia Gómez Naya
Presidenta da FEGADO

Lugar e data:

VIGO, 11 de MARZO de 2024